



BOP

SÁBADO, 18 DE SETEMBRO DE 2021 N.º 216

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN DE LUGO

Anuncio

Pagamento do prezo xusto pola ocupación de bens e dereitos afectados pola execución do proxecto denominado LMT, CT E RBT CORTIÑAS-TOIMIL (EXP. 03/2017-AT) (CONCELLO DE PARADELA)

Comunícase a todos os interesados no expediente, no que se sigue o procedemento expropiatorio das instalacións de referencia, que o día **29 de outubro de 2021** convócaselles ó pagamento dos predios **7 e 8** na Casa do Concello de PARADELA segundo a resolución ditada polo Xurado de Expropiación de Galicia. Cómpre advertir os propietarios das fincas afectadas, que serán notificados individualmente, que os pagos realizaranse nas condicións que establecen os artigos 48 da Lei de Expropiación Forzosa, do 16 de Decembro de 1954 e 48, 49 e 50 do seu Regulamento, do 26 de Abril de 1957.

Lugo, 14 de setembro de 2021.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 2698

CONCELLOS

O CORGO

Anuncio

Ao quedar definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos con número 8/2021, de créditos extraordinarios e suplementos de crédito, por un importe total de cento vinte e nove mil euros (129.000,00 €), terceiro de competencia do Pleno, polo acordo adoptado en sesión celebrada o dezasete de agosto de dous mil vinte e un, de acordo co preceptuado e en cumprimento do disposto no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos do referido orzamento queda da seguinte forma:

<u>CAPÍTULOS</u>	<u>IMPORTES</u>
1.- Gastos de persoal.....	1.504.684,16.-
2.- Gastos correntes en bens e servizos.....	1.180.078,93.-
3.- Gastos financeiros.....	2.200,00.-
4.- Transferencias correntes.....	106.417,16.-
5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos.....	0,00.-
6.- Inversións reais.....	1.933.428,84.-
7.- Transferencias de capital.....	12.000,00.-
8.- Activos financeiros.....	0,00.-
9.- Pasivos financeiros.....	0,00.-
SUMA TOTAL.....	4.738.809,09.-

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

O Corgo, 14 de setembro de 2021.- O alcalde-presidente, Felipe Labrada Reija.

R. 2699

PANTÓN*Anuncio***NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA DO PADRÓN FISCAL DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTE AO MES DE XULLO DE 2021.**

A Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde (BOP de Lugo nº 160, do 13.07.2019) e en virtude de Acordo do 26.08.2021, aprobou o Padrón fiscal da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de xullo de 2021, o cal se expón ao público, para a súa notificación colectiva, de acordo co disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, durante o prazo de vinte (20) días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente edicto no Boletín da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos do concello. Durante este prazo, o devandito Padrón estará ao dispor das persoas interesadas no concello, a fin de que o poidan examinar e formular cantas observacións, alegacións ou reclamacións teñan por conveniente.

Contra o acto de aprobación do Padrón e das liquidacións incorporadas a estes, os/as contribuíntes e, en xeral, as persoas interesadas, poderán interpor os seguintes recursos:

1. Recurso de reposición, ante a Alcaldía deste concello, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública do Padrón, que se entenderá rexeitado se ó transcourir un mes desde a súa presentación non se resolve de maneira expresa.
2. Recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, con sede en Lugo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de seis meses desde que se produza o acto presunto.
3. Poderá interporse calquera outro recurso que as persoas interesadas lles conveña.

En cumprimento do disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, exponse ao público o seguinte anuncio de cobranza:

- Tributos que se poñen ó cobro: Taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de xullo de 2021.
- Prazo de ingreso en período voluntario: do 01.09.2021 ao 31.10.2021, ambos inclusive. Data de cargo en conta: 15.10.2021
- Modalidade de ingreso: a través do servizo de recadación do concello. Con carácter xeral poderá usarse como forma de pagamento a domiciliación bancaria.
- Lugar de ingreso: servizo de recadación do concello. Praza do Concello, s/n. Pantón.
- Días de ingreso: días hábiles, de luns a venres, das 10 ás 14 horas. CONCELLO DE PANTÓN (LUGO), Praza do Concello, s/n - 27430 Pantón (Lugo). Telf.: 982 45 60 05 - Fax: 982 45 65 62

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfixera a débeda iniciárase o período executivo, de acordo co tenor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de demora, así como as recargas que correspondan e, no seu caso, das costas do procedemento de prema.

Pantón, 1 de setembro de 2021.- O Alcalde-Presidente, José Luís Álvarez Blanco.

R. 2700

*Anuncio***NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA DO PADRÓN FISCAL DA TAXA POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA, RECOLLIDA DE LIXO E SUMIDOIRO CORRESPONDENTE AO TERCEIRO BIMESTE DE 2021.**

A Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde (BOP de Lugo nº 160, do 13.07.2019) e en virtude de Acordo do 26.08.2021, aprobou o Padrón fiscal da taxa pola prestación dos servizos de abastecemento de auga, recollida de lixo e sumidoiro correspondente ao terceiro bimestre de 2021, o cal se expón ó público, para a súa notificación colectiva, de acordo co disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, durante o prazo de vinte (20) días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente edicto no Boletín da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos do concello. Durante este prazo, o devandito Padrón estará ao dispor das persoas interesadas no concello, a fin de que o poidan examinar e formular cantas observacións, alegacións ou reclamacións teñan por conveniente.

Contra o acto de aprobación do Padrón e das liquidacións incorporadas a este, os/as contribuíntes e, en xeral, as persoas interesadas, poderán interpor os seguintes recursos:

1. Recurso de reposición, ante a Alcaldía deste concello, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública do Padrón, que se entenderá rexeitado se ó transcorrer un mes desde a súa presentación non se resolve de maneira expresa.
2. Recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, con sede en Lugo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de seis meses desde que se produza o acto presunto.
1. Poderá interporse calquera outro recurso que as persoas interesadas lles conveña.

En cumprimento do disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, exponse ao público o seguinte anuncio de cobranza:

- Tributos que se poñen ó cobro: Taxa pola prestación dos servizos de abastecemento de auga, recollida de lixo e sumidoiro correspondente ao terceiro bimestre de 2021.
- Prazo de ingreso en período voluntario: do **01.09.2021** ao **31.10.2021**, ambos inclusive. Data de cargo en conta: **11.10.2021**
- Modalidade de ingreso: a través do servizo de recadación do concello. Con carácter xeral poderá usarse como forma de pagamento a domiciliación bancaria.
- Lugar de ingreso: servizo de recadación do concello. Praza do Concello, s/n. Pantón.
- Días de ingreso: días hábiles, de luns a venres, das 10 ás 14 horas. CONCELLO DE PANTÓN (LUGO), Praza do Concello, s/n – 27430 Pantón (Lugo). Telf.: 982 45 60 05 – Fax: 982 45 65 62

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfixera a débeda iniciárase o período executivo, de acordo co tenor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de demora, así como as recargas que correspondan e, no seu caso, das costas do procedemento de prema.

Pantón, 19 de agosto de 2021.- O Alcalde-Presidente, José Luís Álvarez Blanco.

R. 2701

TRABADA

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA FISCAL

De conformidade co establecido no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que transcorrido o prazo de trinta días hábiles de información pública do acordo plenario de 17 de marzo de 2021 de aprobación inicial da modificación da “Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de recollida de lixo, tratamento e eliminación”, sen que durante dito período se presentase reclamación algunha, queda automaticamente elevado a definitivo o citado acordo.

A ordenanza fiscal queda coa seguinte redacción íntegra que de seguido se transcribe:

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TASA POLO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN”.

- Artigo 1º- Fundamento e natureza.
- Artigo 2º.- Feito imponible.
- Artigo 3º.- Suxeito pasivo.
- Artigo 4º.- Responsables.
- Artigo 5º.- Cota tributaria.
- Artigo 6º.- Exaccións e bonificacións.
- Artigo 7º.- Devengo.
- Artigo 8º.- Declaración de ingreso.
- Artigo 9º.- Infracción e sancións.
- Disposición final.

Artigo 1º- Fundamento e natureza.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais aprobado por RDLexislativo 2/2004 de 5 de marzo, este Concello establece a "taxa por recollida de lixo", que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, na que as súas normas atenden ó previsto no artigo 57 do citado Texto refundido da lei reguladora de facendas locais 2/2004.

Artigo 2º- Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible da taxa a prestación obrigatoria de recollida de lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticos e de servizos.

2. A tal efecto, consideraranse lixos domiciliarios e residuos sólidos urbanos, os restos e desperdicios de alimentación procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas, e exclúense de tal concepto os residuos de tipo industrial, refugallos de obras, detritos humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou aqueles con recollida ou vertido que esixa medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

3. Non está suxeita á taxa a prestación, de carácter voluntario e a instancia de parte, dos seguintes servizos:

- Recollida de lixos e refugallos non cualificados de domiciliarios e urbanos de industrias, hospitais e laboratorios.
- Recollida de escouras e cinzas de calefaccións centrais.
- Recollida de refugallos de obras.

Artigo 3º- Suxeito pasivo.

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35 da Lei xeral tributaria 58/2003 de 17 de decembro (BOE 18/12/2003) que ocupen ou utilicen as vivendas e locais ubicados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas en que se preste o servizo, tanto a título de propietario ou de usufructuario, habitacionista, arrendatario ou, mesmo, de precario.

2. Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios de aquelas, beneficiarios do servizo.

Artigo 4º- Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei xeral tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que se indica no artigo 43 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5º- Cota tributaria.

1. A cuota tributaria consistirá nunha cantidade fixa, por unidade de local, que se determinará en función da natureza e destino dos inmobles.

2. A tal efecto, aplicaranse as seguintes tarifas que teñen carácter anual.

Concepto/ Ubicación		Nucleo urbano Trabada	Resto do municipio
Epígrafe 1: Vivendas		100 Euros	90 Euros.
Epígrafe 2: Establecementos hoteleiros, de turismo rural e similares.		160 Euros	145 Euros.
Epígrafe 3: Establecementos de alimentación	• Supermercados	280 Euros	253 Euros.
	• Almacéns al por maior	160 Euros	145 Euros.
	• Pescaderías, carnicerías e outros comercios	160 Euros	145 Euros.
Epígrafe 4: Establecementos de restauración, bares, cafeterías e similares.	• Restaurantes ou casas de comidas	280 Euros	253 Euros.
	• Cafeterías, bares ou similares	160 Euros	145 Euros.

Epigrafe 5: Outros locais industriais ou mercantís, oficinas bancarias e outros locais non tarifados.		160 Euros	145 Euros.
Epigrafe 6: Despachos profesionais.		100 Euros	90 Euros.

3. As cotas consignadas na tarifa corresponden a doce meses que se fraccionarán en dúas cuotas semestrais, e serán prorrateables por semestres naturais nos casos de altas e baixas.

Artigo 6º.- Exaccións e bonificacións.

1.- Terán unha bonificación do 50 % do importe da tarifa, os propietarios de vivendas que teñan unha distancia ó contenedor máis cercano superior a 500 mts.

2.- Terán unha bonificación do 10% do importe anual da tarifa todos os suxeitos pasivos da taxa. Dita bonificación só será de aplicación en aqueles anos onde a Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA), en virtude do establecido no artigo 12 da Lei 3/2018, de 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, estableza unha bonificación ó Concello de Trabada do 10% no importe anual facturado pola eliminación e tratamento dos residuos sólidos urbanos.

A aplicación da devandita bonificación será efectiva no recibo que corresponda ó período de liquidación do segundo semestre de cada ano

Artigo 7º.- Devengo.

1. Percíbese a taxa e nace a obriga de contribuír dende o momento no que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, cando estea establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida de lixos domiciliarios, nas rúas ou lugares onde figuren as vivendas ou locais utilizados polos contribuíntes suxeitos á taxa.

2. Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas adebedaranse o primeiro de xaneiro de cada ano natural, e o período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cese na utilización do servizo, caso no que o período impositivo se axustará a esta circunstancia co conseguinte prorrateo da cota por semestre naturais.

Artigo 8º.- Declaración e ingreso.

1. Dentro dos trinta días hábiles seguintes á data en que se devengue por primeira vez a Taxa, os suxeitos pasivos formalizarán a súa inscrición na matrícula, presentando, para o efecto, a correspondente declaración de alta e ingresando simultaneamente a cuota do SEMESTRE correspondente.

2. Cando se coñeza, xa de oficio ou por comunicación dos interesados, calquera variación dos datos figurados na matrícula, levaranse a cabo en ésta as modificacións correspondentes, que surtirán efectos a partir do período de cobranza seguinte ó da data en que se teña efectuado a declaración.

3. O cobro das cotas efectuarase SEMESTRALMENTE mediante recibo derivado da matrícula.

Artigo 9º.- Infracción e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, aterase ó disposto nos artigos 183 e seguintes da Lei xeral tributaria.

Disposición final.

A presente ordenanza foi modificada polo Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada o en data 17 de marzo de 2021. Entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativo, no prazo de 2 meses, contados dende a data de publicación, sen prexuízo do exercicio de calquera outro recurso que estime oportuno.

En Trabada, 13 de setembro de 2021.- A Alcaldesa, Mayra García Bermúdez.

R. 2702